

## INFORMACIÓN CURSO 2020 / 2021

Recibidas novas instrucións da Consellería de Educación informámosvos de que o alumnado se incorporará de xeito gradual ao centro do seguinte xeito:

<b>10</b> setembro	- 4º e 5º de Educación Infantil - 1º, 2º e 3º de Educación Primaria
<b>11</b> setembro	- 6º de Educación Infantil - 4º, 5º e 6º de Educación Primaria
<b>16</b> setembro	- 1º e 2º da ESO
<b>17</b> setembro	- 3º da ESO
<b>18</b> setembro	- 4º da ESO

A partir do luns día 7 coas novas instrucións que imos recibir da Consellería, informaremos dos HORARIOS de entrada e saída do centro, así como das PORTAS de entrada e saída de cada grupo e transporte escolar.

Por outra banda, gustaríanos compartir con vós algunhas **das medias e actuacións que seguiremos dende o inicio de curso:**

- O centro contará cun equipo formado na COVID-19, que coordinará todas as actuacións específicas derivadas da emerxencia sanitaria.
- Haberá diferentes entradas ao centro dos diferentes cursos, con horarios graduais de entradas e saídas.
- As familias non poderán entrar no centro e permanecerán no recinto o tempo IMPRESCINDIBLE para recoller e deixar aos seus fillos e fillas, co fin de evitar aglomeracións.
- Nas diferentes entradas ao centro haberá alfombras de desinfección do calzado, xel hidroalcohólico e tomarase a temperatura antes de que os alumnos/as entren no centro. Velarase por unha rigorosa hixiene individual.
- O alumnado (a partir dos 6 anos) traerá unha máscara posta e outra de reposto (debidamente gardada) ademais de panos de papel e 1 solución de xel desinfectante para uso persoal e exclusivo.
- Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa clínicoepidemiolóxica que se describe no Anexo I que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.
- Nas aulas garantirase a correcta ventilación e distanciamento de seguridade seguindo as pautas marcadas polo protocolo da Xunta de Galicia, así como se extremarán as medidas de desinfección. O uso dos baños estará supervisado, así como o escrupuloso cumprimento da limpeza, cumprindo o protocolo oficial.
- As zonas de recreo están delimitadas por clase coa presenza de profesorado para vixilancia dos mesmos.
- O servizo de comedor e madrugadores está garantido habilitando para tal fin os espazos que indica a normativa, tendo sitios fixos, reducindo grupos e agrupados por clases.

- No transporte escolar todo o alumnado deberá levar máscara e terá un asento fixo, seguindo as distancias e medidas de seguridade que dita o protocolo.
- A data desta publicación todo o profesorado e persoal do centro pasou os test de sanidade do COVID – 19.

Estamos a traballar para facer do colexio un entorno seguro e comfortable, á vez que se cumplan de modo rigoroso todas as prevencións e medidas de actuación necesarias para non pór en risco a saúde. Por isto, nos vindeiros días remitiremos información máis específica por niveis, así como aquelas novas disposicións que indique a Xunta de Galicia.

Pedímosvos colaboración e respecto polas normas para salvagardar a saúde de todos e poder darlles ós vosos fillos e fillas o mellor de nós dende o ámbito profesional e o afectivo.

Un cordial saúdo e moito ánimo a todos

